O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Veroa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Torre de Caldaloba (ou castelo de Vilaxoán), en Cospeito, é un edificio construído na Baixa Idade Media.

Destruída durante a gran Revolta Irmandiña, foi reconstruída por Fernán Ares e Constanza de Castro, onde estes resistiron os ataques das tropas dos Reis Católicos en 1483. Posteriormente, a fortaleza foi abandonada, habendo referencias documentais sobre a venta de escombros no s. XVII. No ano 1646 aparece como propietario o conde de Fuensaldaña e vizconde de Altamira, Álvaro Pérez de Viveiro. No ano 1755 foi vendida a Gabriel María Montenegro, do pazo de Caldaloba.

O abandono da torre prodúcese no século XVII, con referencias documentais sobre a venta de escombros procedentes da mesma. Dende aquel tempo, a vexetación e exposición ás inclemencias do tempo foron deteriorando a construción, ata que a parte superior da torre desapareceu por completo e os muros presentan grandes gretas verticais. Como sinala o portal “Historia de Galicia”: “máis da metade do terzo superior desapareceu (muros posterior e laterais), incluídas as xambas e arcos da porta e ventá principais. A fábrica, no seu conxunto, presenta numerosos derrubes e gretas. A parte superior estaba coroada por ameas”.



Hai trinta anos aseguráronse os vanos con madeira de piñeiro, neste momento deteriorada; e na zona superior colocáronse pranchas para evitar a choiva, pero xa non cumpren o cometido.

A situación actual é de emerxencia, dado que se non se acometen obras de consolidación a torre pode colapsar, pois vén sufrindo desprendementos.

A torre está protexida polo Decreto do 22 de abril de 1949, que a converte en Monumento Nacional, e no Inventario de Bens Culturais de Galicia, sendo BIC, o que lle confire o máximo grao de protección patrimonial. Deste xeito, tanto propietarios como administracións local, autonómica e estatal teñen obrigas de conservación do ben, así como evitar riscos para a integridade física das persoas que a visiten.

A situación de deterioro da torre foi denunciada polo Colectivo Patrimonio dos Ancares e por veciñanza de Cospeito, sendo plenamente consciente o Concello de Cospeito destes feitos. Sinalan dende a sociedade civil que o alcalde de Cospeito manifestou interese en recuperar o ben e que houbo reunións cos propietarios e coa Xunta, para ver de recuperar e poñer en valor a torre. Sen embargo, non hai avances para a recuperación deste ben tan simbólico para a nosa Historia.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto propón a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dispor, con urxencia, fondos para a consolidación da Torre de Caldaloba, en colaboración co Concello de Cospeito e cos colectivos sociais de defensa do Patrimonio, e valorar a súa expropiación.



Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 16/12/2019 13:54:52

Luis Villares Naveira na data 16/12/2019 13:54:57



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A atención primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de todos os axentes implicados no deseño e implementación das políticas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, froito dunha ineficiente xestión en termos, especialmente, de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia e, no seu momento, dende o Goberno de España. Ao fío desta situación, veu estando en entredito o modelo tanto de xestión como asistencial aplicado en atención primaria. Estas tensións entre profesionais e xestores do sistema viu en Galicia un foco específico de protestas, concatenándose a folga do persoal dos PAC, que continúa, as diferentes manifestacións multitudinarias e a dimisión de case a totalidade dos xefes de servizo de atención primaria do área sanitario de Vigo, a máis grande de Galicia.

A Xunta de Galicia ven de desenvolver un proceso de lavado de cara coa conformación de comisións de traballo que, supostamente, terían a capacidade de modificar as ineficiencias do sistema e ofrecer solucións para unha reformulación do modelo de atención primaria. Non en tanto, o desencanto parece terse consolidado, co anuncio xa de medidas antes de recibir as conclusións, e coa non concreción a través dos orzamentos dun modelo real de transformación e de afrontamento os problemas reais de precariedade e déficit en volume de RR.HH., así como unha necesidade de reorganizar a primeira e darlle máis peso dentro do global do sistema sanitario.

O concello de A Guarda é un caso notorio onde estes problemas están a ser evidenciados, o que prexudica a atención e oferta asistencial aos seus veciños/as. A non cobertura de ausencias, ben sexa por baixas ou vacacións, deriva nunha saturación profunda dos profesionais que, sen axuda da consellería que repoña



profesionais ou que inclúa novas solucións, ven como deben asumir o volume das súas consultas e o daquelas que non teñen, no día concreto, profesional que as atenda. Isto provoca saturacións de máis de 50 ou 60 citas nun día. A saturación dos centros deriva, ademais, nunha chegada masiva aos servizos do PAC da cidadanía que non ve resoltos os problemas no centro de saúde, e incluso acaba achegándose a urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, a unha hora de distancia pola ausencia das infraestruturas de comunicación que o propio Goberno da Xunta de Galicia non executa a pesares dos anuncios repetidos ano tras ano.

En A Guarda é habitual que non poidan estar cubertas as 8 prazas de medicina familiar e comunitaria do centro de saúde, estando en moitas ocasións so a metade na quenda de mañá ou de tarde. Tamén a necesidade demandada por profesionais, usuarios e diversos colectivos da comarca dun equipo máis no PAC de A Guarda supón unha reivindicación de tempo.

Este problema está causando malestar entre a cidadanía que demanda unha solución ao problema. Existiron diversos procesos de mobilización, entre os que consta unha recollida de sinaturas iniciada por veciños que chegou ás 2500 sinaturas, así como un acordo da Mancomunidade do Baixo Miño para solicitar unha xuntanza co conselleiro de Sanidade, así como un acordo da corporación municipal de A Guarda no mesmo sentido. Non existe contestación aínda por parte da Consellería, o que amosa unha desidia pola resolución do problema.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir a correcta e plena asistencia sanitaria en atención primaria para o Concello de A Guarda no seu centro de saúde e a dotación dun novo equipo de profesionais para o PAC da localidade, que da servizo a outros concellos lindantes.
2. Atender á solicitude de xuntanza co conselleiro de Sanidade dos representantes municipais dos concellos afectados no Baixo Miño, para aclarar a situación e ofrecer a información sobre as medidas que a Consellería considera necesarias neste escenario.





Pazo do Parlamento, 16 de decembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 16/12/2019 15:52:56

Noela Blanco Rodríguez na data 16/12/2019 15:53:08

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/12/2019 15:53:17



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

Exposición de motivos:

Dende a eliminación da capacidade de xestión da área sanitaria de Monforte, que cobre a unhas 40.000 persoas, en 2010, o Hospital comarcal de Monforte véñse resentindo nos seus servizos.

Pese á propaganda oficial da Xunta, que defendeu que o cambio reforzaría o Hospital, amósase que tiña razón a cidadanía que se mobilizou para defender a Sanidade pública: o Hospital está a sufrir un paulatino deterioro.

A Xunta respondeu á deputada que subscribe, o 13 de febreiro de 2019, que “os medios e o persoal dos que dispón o Hospital de Monforte son os correctos e adecuados de acordo coa asistencia de calidade prestada”.

Sen embargo, a finais de ano 2019, continúa a especialidade de dixestivo cun só profesional, estando xa máis de dous anos sen o segundo dixestivo prometido (e necesario). Deste xeito, as listas de agarda para probas ordinarias poden chegar a pasar do ano e medio e con agardas intolerables en probas diagnósticas de tumores. Para poder axilizar colonoscopias cómpre mesmo facer ingresos hospitalarios non necesarios, co conseguinte aumento de prexuízos para a cidadanía e de aumento dos custes. No último concurso de traslados, non se sacou esta praza. Un dixestivo vén dous días á semana ao Hospital dende o HULA, algo claramente insuficiente e que supón reducir efectivos no Hospital de Lugo.



A Xunta sinala que “non oculta ningún dato, nin de derivacións nin de listas de agarda, as cales son publicadas cada semestre na páxina do Servizo Galego de Saúde”, pero obvia que non publica as listas de agarda non estruturais, aquelas que se xeran entre o momento de ir pedir cita, cando non a dan e din que chamarán por teléfono ao/á paciente ou que lle enviarán carta: só se entra oficialmente na lista de agarda cando se envía esa notificación, polo que o tempo de espera ata recibila, non consta oficialmente.

Recuperouse a segunda praza de cardioloxía, pero logo de soportar durante máis de un ano intolerables listas de agarda neste servizo, e, neste momento, en decembro de 2019, está sen cubrir a baixa dunha cardióloga.

En canto a pediatras, a baixa dunha pediatra tamén está sen cubrir.

No ano 2018 unha folga do persoal do Hospital acadou compromisos por parte do SERGAS de reforzar o persoal auxiliar e celador, pero os reforzos de persoal non son suficientes cando hai momentos de sobrecarga asistencial.

Por outra parte, perdéronse os seguintes servizos e postos de traballo:

- médico codificador.
- subdirector de xestión.
- un perito en mantemento.
- carpinteiro, que desde que se xubilou o titular se está a cubrir con acumulo de tarefas, pero non se convoca a praza vacante.
- unha telefonista, que se cubre dende Lugo.
- a cafetería pasou a ser xestionada por unha cadea, en lugar de ser contratada a empresas locais, coa conseguinte perda da subministración na zona.
- para mantemento e informática, depéndese de Lugo.

Ademais, a Xunta sinalou que “no Hospital de Monforte estase a traballar para tratar de ter o menor persoal posible en situación de eventualidade, como demostra o plan de estabilización no que está inmerso o hospital”.



Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto, presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 5ª:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Recuperar a área sanitaria de Monforte, con capacidade de xestión.
2. Cubrir todas as prazas e as baixas das especialidades no Hospital Comarcal de Monforte.
3. Adecuar o persoal ás necesidades dos servizos, reducindo a eventualidade.
4. Publicar o número de persoal fixo e eventual, así como as previsións de xubilación en cada servizo do Hospital.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Luís Villares Naveira
Deputada e Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 16/12/2019 16:31:54

Luis Villares Naveira na data 16/12/2019 16:32:06





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre as liquidacións do Plan galego de financiamento do Sistema Universitario de Galiza e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O actual Plan de financiamento do **SUG** remata en 2020, porén, até o momento a Xunta de Galiza non ten publicado –nin remitido ás universidades galegas– a liquidación correspondente aos distintos exercicios (2016, 2017, 2018 e 2019).

Esta información, alén de dar cumprida transparencia ao plan e á execución dos fondos que o integran, permitiría facer unha avaliación e análise do mesmo co obxectivo de introducir as mudanzas que correspondan a futuro, máis tendo en conta que en 2020 debería comezar a negociación se non dun novo plan no seu conxunto, si da súa contía total e dalgunhas das regras de evolución.

Desde o Bloque Nacionalista Galego temos insistido en múltiples ocasións na urxencia de abrir unha mesa de negociación entre a Xunta de Galiza e as tres universidades para abordar o seu financiamento. Malia todo, o goberno do Partido Popular vai en senso contrario, como reflicte a reforma introducida na Lei do Sistema Universitario de Galiza a través da Lei de acompañamento aos Orzamentos de 2020.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a remitir á Cámara, así como ás tres universidades públicas galegas, no prazo máximo dun mes as liquidacións do Plan de financiamento do SUG correspondentes aos exercicios 2016, 2017, 2018 e 2019.”

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 16/12/2019 17:52:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 16/12/2019 17:52:18

María Montserrat Prado Cores na data 16/12/2019 17:52:23

Noa Presas Bergantiños na data 16/12/2019 17:52:30

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/12/2019 17:52:44

Ana Pontón Mondelo na data 16/12/2019 17:52:53



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, por iniciativa dos seus deputados **Xan Xosé Jove González e Paula Quinteiro Araujo**, ao abeiro do disposto polo Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, sobre o dique de abrigo de Porto Meloxo, no Grove, para o seu debate na Comisión 8.^a.

Exposición de motivos

O Sector da miticultura en O Grove leva anos reclamando a creación dun dique de abrigo no porto pesqueiro de Porto Meloxo, esta infraestrutura serviría para dotar de maior seguridade ao porto, ademais de permitir a redistribución da frota bateira grovense entre o porto do Grove e Porto Meloxo, mellorando así a súa operatividade.

Esta infraestrutura leva anos de retraso, a finais do 2016 durante o proceso de exposición pública, a Xunta aceptou unha alegación da confraría que pretendía garantir que a obra non afectase aos bancos marisqueiros da contorna. A Xunta deixou paralizada a obra durante anos, ata que no 2018 adopta unha decisión inaceptable como é deixar esta decisión técnica en mas dun acordo entre confraría, mariscadores e sector bateiro. O Grupo Común de Esquerda entende inaceptable esta situación, por iso, en base ao acordo unánime da corporación municipal do Grove, entendemos necesario desatascala e dotar de orzamento suficiente esta obra para que, en base aos estudos técnicos necesarios se proceda a dotar a Porto Meloxo deste dique de abrigo, sen que este afecte as concesións



marisqueiras e praias da contorna.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a iniciar, á maior brevidade posible, os traballos que permitan dotar a Porto Meloxo dun dique de abrigo. O proxecto debe elaborarse e executarse en base as determinacións técnicas que permitan que esta infraestrutura non afecte ás concesións marisqueiras da contorna.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2019.

Asdo.: Xan Xosé Jove González

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Xan Xosé Jove González na data 16/12/2019 18:27:47

Paula Quinteiro Araújo na data 16/12/2019 18:27:59

José Manuel Lago Peñas na data 16/12/2019 18:28:11



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/12/2019 18:29:04
Nº Rexistro: 60114
Data envío: 16/12/2019 18:29:04.196





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O segundo pilar da PAC: as axudas agroambientais, os pagos por zonas deprimidas, Rede Natura, e de montaña..., non son outra cousa que un esforzo orzamentario para dar estabilidade a actividade agrícola, gandeira e forestal, de tal xeito que estas actividades contribúan ao obxectivo estratéxico de abastecemento de mercados. O mantemento dunha SAU suficiente, duns sectores agrarios modernos e dinámicos e dun medio ambiente con boa saúde, son algúns dos obxectivos finais que perseguen as políticas agrarias europeas.

De aí a nosa sorpresa ao coñecer a última modificación do PDR galego realizada no mes de novembro deste mesmo ano. A redución dos fondos destinados ás axudas a zonas deprimidas, de montaña e a Rede Natura, e a eliminación da medida de asesoramento resultan inaceptables.

Ó longo de todo este ano 2019 as decisións tomadas polo goberno galego a respecto do PDR foron erráticas e contraditorias deixando ve-la falta de proxecto deste goberno para co medio rural galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tómase dun xeito unilateral a decisión de elimina-las axudas para o asesoramento agrario, sen contar coas entidades e axentes implicados no ámbito do asesoramento (entidades, asociacións de produtores, cooperativas, sindicatos), e da formación (universidades, centros de investigación, colexios profesionais de enxeñeiros e oficinas agrarias comarcais).

Están a gobernar dun xeito arbitrario e contradictorio pois esta medida 2 estaba considerada no Plan de Desenvolvemento Rural 2014-2020 coma unha prioridade máxima tendente a mellorar o rendemento económico das explotacións, impulsar a innovación nas mesmas e cumprir coas boas prácticas ambientais. E van contra corrente, xa que no próximo período do PDR (2023-2027) o asesoramento vai ser un dos piares estratéxicos sobre o que se fundamenten as políticas aplicadas desde Bruxelas.

Na primeira reunión formativa convocada para informar a todas as entidades de aconsellamento inscritas no Resaxega da posta en marcha das axudas ao asesoramento en 2018, tras a aplicación da Lei Ómnibus e despois dun retraso de 3 anos no seu inicio desde o servizo central de explotacións agrarias en Santiago de Compostela se trasladou a promesa feita por aquel entón pola Conselleira de Medio rural de manter a convocatoria de axudas para asesoramento por un período de 5 anos, iniciada en 2018 con 3 millóns de euros.

Pero como estamos descubrindo agora, só durou un ano, sendo case aniquilada tras a última reunión do Comité de seguimento do PDR en novembro de 2019. A desculpa como de costume é unha redistribución de fondos.

Nesta redistribución suprimíase o asesoramento agrario, deixábanse secas as partidas para zonas con limitacións naturais e para as organizacións de produtores,





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pasando eses fondos a engrosar o haber das axudas agroambientais e de prevención de lumes.

De feito na medida 13 de pago a zonas con limitacións naturais ou outras limitacións específicas reduciron as partidas en 23 millóns de euros. Xa era manifesta a insolidaria percepción política e a pouca intención de axuda ó ser as asignacións do máis cativas.

A lexislación comunitaria permite que estas axudas poidan alcanzar os 450 euros por ha. en zonas de montaña e a 250 euros por ha en zonas desfavorecidas (RD 1305/2013). Na práctica, a Xunta comezou a pagalos a 178 € por ha e a 72 € por ha e no 2018 aínda se reduciron, baixando ata os 124 €/ha e 58 €/ha respectivamente).

Todo isto puxo en pe de guerra os sectores afectados suscitando a protesta colectiva de xeito formal por medio dun documento asinado por vintecinco asociacións e organizacións rurais.

O deseño do actual período 2014-2020 comezou tarde, mal e arrastro e lastrados seguimos esta andaina ata o momento no que nos atopamos. Resta por executar, a un ano da súa extinción, máis do 55% do seu orzamento. Non queremos ter que devolver case 57 millóns de euros a Europa, como no remate do anterior período do PDR pola súa nefasta programación e xestión política e orzamentaria, porque no fondo seguen sen crer no rural, na súa xente e na enorme potencialidade produtiva deste país.

A mediados de ano nada se sabía: descoñeciamos se o goberno ía manter ou non os compromisos asinados cos gandeiros polas axudas agroambientais, produción ecolóxica e razas autóctonas. A día de hoxe sábese que en 2020 haberá dotación orzamentaria, máis para 2021 parece que as intencións son suprimilas definitivamente.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É que non se van respecta-los compromisos asinados? Vai rompe-lo PP unilateralmente eses contratos de boas prácticas cando remate o 2020 e non teña iniciado (xa se sabe como é a preguiza do goberno nestes asuntos) a nova PAC 2021-2027?

Compromisos adquiridos con convocatorias de axudas nos anos 2015-16 e 17 facían que neses momentos se soubesen as necesidades económicas que se ían a ter que afrontar na última parte do período 2014-2020 (5 anos de permanencia) e desde a Xunta non se implementou ningún sistema para garantilos. A día de hoxe incúmpanse eses compromisos adquiridos, que nalgún caso terían que chegar ata o ano 2022.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1. Repoñer os fondos esquilados da medida 2 para facela operativa.
2. Dotar a medida 13 de fondos suficientes non só para repoñer os 23 M€ retirados, senón para dotala de máis fondos e así elevar o importe das axudas.
3. Incrementar os fondos das axudas agroambientais para permitir a incorporación de novas explotacións agrogandeiras a estes contratos, xa que desde 2016 non se puideron incorporar as ganderías que se crearon de novo ou que desexan realizar prácticas ambientais beneficiosas.”

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2019





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/12/2019 18:41:59

Xosé Luis Bará Torres na data 16/12/2019 18:42:07

María Montserrat Prado Cores na data 16/12/2019 18:42:12

Noa Presas Bergantiños na data 16/12/2019 18:42:20

Olalla Rodil Fernández na data 16/12/2019 18:42:28

Ana Pontón Mondelo na data 16/12/2019 18:42:36



Á Mesa do Parlamento

Os **grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia, do Grupo Común de Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e Mixto**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que se proceda á tramitación de **comparecencia urxente do Director da Axencia Galega de Calidade Alimentaria na Comisión 7^a**, diante das noticias recentes que reflicten o malestar polo deterioro da investigación no Centro de Investigacións Agrarias Mabegondo (CIAM), así como a precaria situación do Centro.

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2019.

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez

Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia

Manuel Lago Peñas

Portavoz do G.P. Grupo Común da Esquerda

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Luís Villares Naveira

Portavoz do G.P Mixto

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/12/2019 17:04:56





José Manuel Lago Peñas na data 17/12/2019 17:08:07

Ana Pontón Mondelo na data 17/12/2019 17:38:17

Luis Villares Naveira na data 17/12/2019 17:57:06





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EMESA (Elaborados Metálicos) é unha empresa afincada no concello de Coirós e que se adica ás construcións metálicas. Nace en 1958 na Coruña como fundición de puntas, e vaise abrindo ó mercado e diversificando ata que se dá a coñecer en todo o mundo con obras emblemáticas coma a Ponte de Rande, a Torre Picasso, a Intermodal de Liexa en Bélxica, a da Zona Cero de Nova Iork...

A empresa pasou por ser propiedade do Banco Pastor cando estaba afincada na Coruña e trasladouse a Coirós logo de ser vendida ó Grupo Isolux Corsan hai uns 15 anos.

Na propiedade de Isolux Corsán sufriu unha "reconversión" por mor da crise do eólico (actividade á que se adicaba a metade da factoría) pasando de 300 traballadores a poucos máis de 70 cando foi vendida, hai 4 anos, ó Grupo Soil que prometeu que co seu plan en 4 anos volvería dar ocupación a máis de 200 persoas. SOIL RECOVERY compraron en 2015 por 15 millóns, cinco en man e o resto en 10 anos

Nas mans deste último propietario a empresa foi xestionada de forma escura, recibiu axudas de institucións públicas: Igape....500.000euros, Xes... 580.000euros, CDTI.....2.900.000euros que en moitos casos eran para investir en melloras na factoría, melloras e inversións que nunca foron feitas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este propietario, do que afirman ser un fondo voitre, amosou dende o principio un absoluto desprezo polos traballadores e os seus representantes e ó ampara das reformas laborais forzaron o decaemento do convenio colectivo mermando así os dereitos dos traballadores.

Tódolos traballadores con eses dereitos contractualizados tiveron que, un tras doutro, denunciar á empresa para que eses dereitos se repuxesen. Isto ocasionou un clima laboral tóxico e xudicializado con xuízos pendentes e sentenzas xudiciais favorables todas elas ós traballadores que non se cumpren de parte da empresa.

A empresa, a pesar desta situación, mantivo unha importante carga de traballo que resolveu como puido, (neste último ano os clientes pagaban o ferro e a empresa poñía a man de obra).

A empresa di ter unha débeda de 18ME cando facturou máis de 30 e leva anos sen pagar a ningún provedor e vai camiño de lle deber ós seus traballadores/as 4 nóminas. Por esta razón a sospeita é que o Grupo Soil o que quere é desgüaza-la empresa e saca-lo máximo beneficio desta operación.

Agora presenta un ERE extintivo mesmo antes de ter confirmado o concurso de acredores, botou a máis de 30 traballadores nos últimos dous meses alegando, de forma fraudulenta, fin de contrato, cando eles e elas estaban en fraude de lei e polo tanto eran persoal indefinido da empresa. Outros 30 pediron a baixa voluntaria. Na actualidade conta con 84 traballadores/as.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a actitude do goberno galego e que medidas pensa tomar para resolver conflitos laborais como o de EMESA, que mesmo poñen en risco a continuidade da empresa?

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2019

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/12/2019 13:18:26

Xosé Luis Bará Torres na data 16/12/2019 13:19:01

María Montserrat Prado Cores na data 16/12/2019 13:19:16

Noa Presas Bergantiños na data 16/12/2019 13:19:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 16/12/2019 13:19:30

Ana Pontón Mondelo na data 16/12/2019 13:19:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as liquidacións do Plan galego de financiamento do Sistema Universitario de Galiza e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O actual Plan de financiamento do SUG remata en 2020, porén, até o momento a Xunta de Galiza non ten publicado –nin remitido ás universidades galegas— a liquidación correspondente aos distintos exercicios (2016, 2017, 2018 e 2019).

Esta información, alén de dar cumprida transparencia ao plan e á execución dos fondos que o integran, permitiría facer unha avaliación e análise do mesmo co obxectivo de introducir as mudanzas que correspondan a futuro, máis tendo en conta que en 2020 debería comezar a negociación se non dun novo plan no seu conxunto, si da súa contía total e dalgunhas das regras de evolución.

Desde o Bloque Nacionalista Galego temos insistido en múltiples ocasións na urxencia de abrir unha mesa de negociación entre a Xunta de Galiza e as tres universidades para abordar o seu financiamento. Malia todo, o goberno do Partido Popular vai en senso contrario, como reflicte a reforma introducida na Lei do Sistema Universitario de Galiza a través da Lei de acompañamento aos Orzamentos de 2020.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Cal foi a liquidación do Plan de financiamento do SUG nos exercicios xa finalizados?
- Vai iniciar a Xunta de Galiza, nesta lexislatura, o proceso de negociación dun novo Plan?
- Valora negociar coas universidades públicas incrementar a contía do Plan así como modificar algunha das regras de evolución?

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 16/12/2019 18:00:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 16/12/2019 18:02:14

María Montserrat Prado Cores na data 16/12/2019 18:02:20

Noa Presas Bergantiños na data 16/12/2019 18:02:29

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/12/2019 18:02:36

Ana Pontón Mondelo na data 16/12/2019 18:02:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O segundo pilar da PAC: as axudas agroambientais, os pagos por zonas deprimidas, Rede Natura, e de montaña..., non son outra cousa que un esforzo orzamentario para dar estabilidade a actividade agrícola, gandeira e forestal, de tal xeito que estas actividades contribúan ao obxectivo estratéxico de abastecemento de mercados. O mantemento dunha SAU suficiente, duns sectores agrarios modernos e dinámicos e dun medio ambiente con boa saúde, son algúns dos obxectivos finais que perseguen as políticas agrarias europeas.

De aí a nosa sorpresa ao coñecer a última modificación do PDR galego realizada no mes de novembro deste mesmo ano. A redución dos fondos destinados ás axudas a zonas deprimidas, de montaña e a Rede Natura, e a eliminación da medida de asesoramento resultan inaceptables.

Ó longo de todo este ano 2019 as decisións tomadas polo goberno galego a respecto do PDR foron erráticas e contraditorias deixando ve-la falta de proxecto deste goberno para co medio rural galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tómase dun xeito unilateral a decisión de elimina-las axudas para o asesoramento agrario, sen contar coas entidades e axentes implicados no ámbito do asesoramento (entidades, asociacións de produtores, cooperativas, sindicatos), e da formación (universidades, centros de investigación, colexios profesionais de enxeñeiros e oficinas agrarias comarcais).

Están a gobernar dun xeito arbitrario e contraditorio pois esta medida 2 estaba considerada no Plan de Desenvolvemento Rural 2014-2020 coma unha prioridade máxima tendente a mellorar o rendemento económico das explotacións, impulsar a innovación nas mesmas e cumprir coas boas prácticas ambientais. E van contra corrente, xa que no próximo período do PDR (2023-2027) o asesoramento vai ser un dos piares estratéxicos sobre o que se fundamenten as políticas aplicadas desde Bruxelas.

Na primeira reunión formativa convocada para informar a todas as entidades de aconsellamento inscritas no Resaxega da posta en marcha das axudas ao asesoramento en 2018, tras a aplicación da Lei Ómnibus e despois dun retraso de 3 anos no seu inicio desde o servizo central de explotacións agrarias en Santiago de Compostela se trasladou a promesa feita por aquel entón pola Conselleira de Medio rural de manter a convocatoria de axudas para asesoramento por un período de 5 anos, iniciada en 2018 con 3 millóns de euros.

Pero como estamos descubrindo agora, só durou un ano, sendo case aniquilada tras a última reunión do Comité de seguimento do PDR en novembro de 2019. A desculpa como de costume é unha redistribución de fondos.

Nesta redistribución suprimíase o asesoramento agrario, deixábanse secas as partidas para zonas con limitacións naturais e para as organizacións de produtores,





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pasando eses fondos a engrosar o haber das axudas agroambientais e de prevención de lumes.

De feito na medida 13 de pago a zonas con limitacións naturais ou outras limitacións específicas reduciron as partidas en 23 millóns de euros. Xa era manifesta a insolidaria percepción política e a pouca intención de axuda ó ser as asignacións do máis cativas.

A lexislación comunitaria permite que estas axudas poidan alcanzar os 450 euros por ha. en zonas de montaña e a 250 euros por ha en zonas desfavorecidas (RD 1305/2013). Na práctica, a Xunta comezou a pagalos a 178 € por ha e a 72 € por ha e no 2018 aínda se reduciron, baixando ata os 124 €/ha e 58 €/ha respectivamente).

Todo isto puxo en pe de guerra os sectores afectados suscitando a protesta colectiva de xeito formal por medio dun documento asinado por vintecinco asociacións e organizacións rurais.

O deseño do actual período 2014-2020 comezou tarde, mal e arrastro e lastrados seguimos esta andaina ata o momento no que nos atopamos. Resta por executar, a un ano da súa extinción, máis do 55% do seu orzamento. Non queremos ter que devolver case 57 millóns de euros a Europa, como no remate do anterior período do PDR pola súa nefasta programación e xestión política e orzamentaria, porque no fondo seguen sen crer no rural, na súa xente e na enorme potencialidade produtiva deste país.

A mediados de ano nada se sabía: descoñeciamos se o goberno ía manter ou non os compromisos asinados cos gandeiros polas axudas agroambientais, produción ecolóxica e razas autóctonas. A día de hoxe sábese que en 2020 haberá dotación orzamentaria, máis para 2021 parece que as intencións son suprimilas definitivamente.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É que non se van respecta-los compromisos asinados? Vai rompe-lo PP unilateralmente eses contratos de boas prácticas cando remate o 2020 e non teña iniciado (xa se sabe como é a preguiza do goberno nestes asuntos) a nova PAC 2021-2027?

Compromisos adquiridos con convocatorias de axudas nos anos 2015-16 e 17 facían que neses momentos se soubesen as necesidades económicas que se ían a ter que afrontar na última parte do período 2014-2020 (5 anos de permanencia) e desde a Xunta non se implementou ningún sistema para garantilos. A día de hoxe incúmprese eses compromisos adquiridos, que nalgún caso terían que chegar ata o ano 2022.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Cal é a razón pola que se deixan sen apenas dotación económica as medidas 2 e máis a 13 do PDR e con dotación insuficiente as medidas agroambientais non permitindo así a incorporación de novas explotacións agrogandeiras a estes contratos?

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/12/2019 18:44:55

Xosé Luis Bará Torres na data 16/12/2019 18:45:03

María Montserrat Prado Cores na data 16/12/2019 18:45:07

Noa Presas Bergantiños na data 16/12/2019 18:45:15

Olalla Rodil Fernández na data 16/12/2019 18:45:23

Ana Pontón Mondelo na data 16/12/2019 18:45:30



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira e Francisco Casal Vidal, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

Na madrugada do 12 de decembro de 2019, unha muller acudiu ao Hospital de Verín de urxencia pola inminencia do parto. Ante esta situación, o xefe de xinecología optou por non trasladar a esta muller ao CHUO, polo risco de que o parto se puidera producir in itinere.

A muller acudiu ao centro hospitalario sobre as catro da mañá; a equipa iniciou o trámite para o traslado en ambulancia ao CHUO, pero a dilatación ía tan rápido que se optou por non trasladala e solicitar a presenza dun/unha pediatra de garda do CHUO no Hospital de Verín.

O xinecólogo atopouse coa situación de que do CHUO denegaban o desprazamento da pediatra –alegando que debía asumir o xinecólogo a responsabilidade do parto, por non tela trasladado-, polo que o xinecólogo tivo que apelar ao xulgado de garda para que esta acudise, respaldando o xulgado a decisión do xinecólogo.

O parto produciuse de xeito normal, pero o neno foi trasladado ao CHUO coa pediatra ao pouco tempo, cando estaba coa nai no proceso de inicio da lactancia. Pouco despois, é a equipa de Verín a que decide enviar á nai noutra ambulancia, pois non hai motivo para separar a neno e nai nunha situación normal. Cando chegou ao CHUO, a nai tivo que esperar dúas horas sen habitación, con dores e sangrados nunha cadeira de rodas, ata que puido ingresar e finalmente estar co bebé recién nado.



Como sinala o xefe de xinecoloxía de Verín, “hai escalas que miden a inminencia dun parto e todas as guías desaconsellan o traslado cando hai risco de parto *in itinere*. Eu actuei protexendo o ben maior”.

O Presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, sinalou que se hai pediatra para Verín, que se revisará a decisión de pechar a sala de partos, amosando que os motivos iniciais aducidos –aumento do risco por baixo número de partos– eran unha escusa para a verdadeira razón: non cubrir a praza de pediatría en Verín.

O Sergas afirmou nun comunicado que non se negou ao traslado da pediatra a Verín, contradicindo a versión do xefe de xinecoloxía de Verín, que ten testemuñas do contrario.

Polo exposto, a deputada e deputados que subscriben, formulan a seguinte Pregunta á Xunta de Galicia, para a súa resposta oral en Pleno:

Non considera un acto de violencia institucional separar innecesariamente a un bebé recién nado da súa nai tras un parto normal, cando todas as recomendacións indican a importancia de non facelo?

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Francisco Casal Vidal

Deputada e deputados do G.P Mixto.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 12/12/2019 19:29:46

David Rodríguez Estévez na data 12/12/2019 19:29:55

Luis Villares Naveira na data 12/12/2019 19:30:08

Francisco Casal Vidal na data 12/12/2019 19:30:20



Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando, Eva Solla Fernández e Antón Sánchez García, deputados e deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A Directiva Marco de Auga, directiva europea de obrigado cumprimento marca como obxectivo principal a conservación da calidade ambiental de todas as augas (ríos, acuíferos, humidais, lagos e augas costeiras) e esixe a aplicación rigorosa do principio de precaución fronte ó cambio climático.

Na conservación integral do ciclo da auga as actuacións de saneamento e depuración de augas residuais teñen unha gran importancia e é por iso que é urxente avanzar de maneira decidida neste tipo de actuacións.

No concello de Pontearreas existen diferentes problemáticas a este respecto que levan demasiados anos agardando a ser resoltas, dende as deficiencias da estación depuradora, que leva moitos anos vertendo auga sen depurar ó río Tea, nun entorno de alto valor ambiental que forma parte da Rede Natura 2000, ata distintas zoas do concello que aínda non contan con saneamento.

Este é o caso da Parroquia de Ribadetea, onde viven máis de 900 veciñas que levan moitos anos reclamando esta necesidade, sen que esta actuación se tivese realizado ata o día de hoxe. Ata o momento só escoitaron promesas e boas palabras, pero a obra segue sen realizarse.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

A veciñanza de Ribadetea leva demasiado tempo agardando a que a Xunta de Galicia faga o traballo que ten a obriga de facer, na defensa da igualdade, pois a veciñanza de Ribadetea ten os mesmos dereitos que o resto da cidadanía, e pola obriga que ten a Xunta de Galicia na conservación do medio ambiente e no eido da saúde pública.

Por todo o anteriormente exposto o noso grupo formula a seguinte pregunta:

- Cando ten pensado a Xunta de Galicia comezar as obras de saneamento na Parroquia de Ribadetea, no concello de Ponteareas?

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Eva Solla Fernández

Antón Sánchez García

Deputados e deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 13/12/2019 14:31:13

Eva Solla Fernández na data 13/12/2019 14:31:27

Antón Sánchez García na data 13/12/2019 14:31:38





GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os anuncios feitos pola Xunta de Galiza a respecto do Cuartel de San Fernando

A Xunta de Galiza, da man do Partido Popular, anunciou en días recentes un proxecto novo para o Cuartel de San Fernando, en Lugo, co que pretenden converter este edificio (declarado BIC) nun Parador de catro estrelas.

O anuncio supón unha emenda á totalidade aos compromisos adquiridos pola Xunta de Galiza coa veciñanza de Lugo entre a que existe un amplo consenso (social e político) de crear no antigo Cuartel o museo galaico-romano.

De maneira unilateral e absolutamente desleal co Concello de Lugo, a Xunta de Galiza pretende que o devandito museo sexa instalado no MIHL (Museo Interactivo da Historia de Lugo), sobre o que o Goberno galego non ten ningunha competencia.

Para xustificar a proposta do Parador, o conselleiro de Cultura e Turismo, Román Rodríguez, afirmou que elaboraran un informe –encargado a unha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consultora externa—do que non se coñecen máis datos que as previsións económicas do hipotético Parador.

